

## DENUNCIA CIG-SAUDE PONTEVEDRA

**CIG-SAUDE** Pontevedra quere denunciar ante a opinión pública; que a Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra está a contratar médicos que non cumpren cos requisitos de titulación necesarios para traballar como médicos xerales nos centros de saúde.

Así segundo o Real Decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre o exercicio das funcións de Médico de Medicina Xeneral no Sistema Nacional de Saúde, e tendo en conta a titulación que o Sergas se esixe ós Médicos de Familia de Atención Primaria para poder traballar nos centros de saúde: “Título de Médico Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, ou estar en posesión da certificación prevista no artigo 3 do Real Decreto 853/1993, do 4 de xuño, ou dalguns dos títulos, certificados ou diplomas a que fai referencia o artigo 30 da Directiva 93/16/CEE, que figuran enumeradas no apartado 1 da comunicación 96/C 363/04, da Comisión Europea, ou sexan titulares das certificacións previstas no artigo 36.4 da dita directiva. En calqueira caso, ditos títulos, diplomas ou certificados deberán ter sido recoñecidos previamente polo Ministerio de Educación e Ciencia”; non chega con ser licenciado en medicina para poder exercer nos centros de saúde.

Sen embargo a Xerencia de Atención Primaria está a contratar a licenciados en Medicina que non teñen a titulación esixida ou non a teñen homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. A varios destes médicos non os deixaron traballar noutras Areas, ou noutros países europeos como Portugal, sen embargo, na nosa Area fan a vista gorda, e en contra da normativa, os están a contratar; e para máis Inri, a algún deles lles están a ofrecer mellores contratos que ós médicos de Familia que remataron este ano.

Vaía por diante que, nada máis lonxe da nosa intención de non xerar alarma social, foi a nosa primeira intención comprobar os feitos que nos foron denunciados, solicitando información da Xerencia; sen embargo a actitude da Directora de Xestión, recurriendo a mentira, enganando ós delegados de Cig-saúde, ó afirmar que dispuña dunha orden da Consellería de Sanidade, que a facultaba para formalizar contratos con médicos que non reunían os requisitos antes mencionados (Real Decreto 853/1993 e Directiva Europea 93/16/CEE), como así o reflexou o Xerente posteriormente desmentindo o dito pola Directora de Xestión, ó afirmar que non existía tal orden; foi o que nos abocou a pensar que os dous casos denunciados, eran só a punta do iceberg, e de ahí parte a nosa denuncia pública.

Logo da presión exercida na Xerencia obtivemos información da mesma que confirma as nosas sospeitas, relacionando ata 9 profesionais distintos que prestan os seus servicios nesta Area Sanitaria de Pontevedra; que van dende asistencia urxente nos Puntos de Atención Continuada coma de ordinaria nos centros de saúde.

Estos feitos contrastan coa perda de profesionais que ano a ano temos que sufrir cando os Médicos de Familia que son formados na nosa Area, se ven obrigados a “emigrar” xa que lles ofrecen contratos “basura” por días, por guardias.....; e sen embargo si lles ofrecen mellores contratos a aqueles que non cumpren coa titulación esixida.

Consideramos grotesca a actitude da Xerencia argumentando que os Xerentes do bipartito fixeran o mesmo. Dito isto: “A normativa está para que se cumpla, e é responsable a Xerencia dos posibles dos posibles erros pola mala praxis que se puideran dar por ter contratados facultativos sen a titulación necesaria para exercer nos centros de Saúde”.

Apelamos a que a Xerencia recapacite, que non contrate a médicos que non cumpren coa titulación esixida, que lles revoque os contratos, e que lles ofrezca ós Médicos de Familia, que cumpren coa titulación esixida, as interinidades que ocupan. E que cese a directora de Xestión (Begoña Caamaño del Castillo) por querer enganar ós Sindicatos da Comisión de Centro con normativas inexistentes.

Pontevedra a 8 de xullo de 2010.

Asinado: **CIG-SAUDE** Pontevedra